

BEB

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DIRIXIDAS A ONGD 2021

No artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, establécense como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o establecido no Decreto 29/2017, de 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, a cooperación que se leva a cabo desde Galicia enmárcase na chamada cooperación descentralizada, que, ao realizarse desde institucións subestatais e, no seu caso, polas corporacións locais, pretende contribuír ao proceso de desenvolvemento das localidades de menos ingresos ao poñer á súa disposición capacidades, recursos e activos.

No artigo 98 da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, establécese que “as entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos nos que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidade diferenciadas, como a protección dos dereitos sociais básicos (...), a igualdade de xénero, a educación para a cidadanía global (...)”, entre outros.

Así mesmo, existe un compromiso por parte desta institución de contribuír a conseguir os obxectivos establecidos na Axenda de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), aprobada na Asemblea Xeral de Nacións Unidas en setembro de 2015, e mostrar o seu compromiso coa defensa dos dereitos humanos en todo o mundo.

A Deputación de Pontevedra é tamén socia do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade desde o ano 2017 e participa de forma activa nas actividades promovidas e dirixidas ás entidades locais da provincia de Pontevedra.

Segundo o exposto e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes:

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é regular o procedemento para a concesión de axudas a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para realizar proxectos concretos de cooperación ao desenvolvemento en países empobrecidos, que contribúan á realización de proxectos sociais, aliñados coa Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible e os ODS, aprobada por Nacións Unidas en setembro de 2015.

Segunda. Finalidade

A finalidade das axudas de cooperación ao desenvolvemento é promover a mellora das condicións de vida e un desenvolvemento sostible da poboación dos países empobrecidos, mediante o fomento de actuacións dirixidas a erradicar a pobreza en todas as súas manifestacións, que é o obxectivo propio e esencial da cooperación ao desenvolvemento, particularmente aquelas que impliquen proxectos de promoción de iniciativas cuxo obxectivo prioritario sexa o empoderamento das mulleres e a defensa dos seus dereitos, particularmente os dereitos sexuais e reprodutivos e a unha vida libre de violencias, así como os que promovan o apoio ás entidades e organizacións feministas e de mulleres sobre o terreo, especialmente ás mulleres defensoras de dereitos.

Terceira. Entidades beneficiarias

3.1. Poderán beneficiarse destas subvencións as ONGD que cumpran os seguintes requisitos:

- Que estean inscritas no Rexistro galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia, na Sección "A", para o desenvolvemento, polo menos cun ano de antelación ao día de publicación desta convocatoria
- Carecer de ánimo de lucro e non depender económica ou institucionalmente de entidades lucrativas
- Ter entre os seus fins institucionais expresos a realización de actividades relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento e co fomento da solidariedade entre os pobos, coa cooperación social ou con calquera outra actividade de natureza similar
- Dispoñer da estrutura necesaria para garantir o cumprimento dos seus obxectivos e acreditar unha experiencia mínima de dous anos realizando proxectos e coa consecuente capacidade operativa para poder levalos a cabo. Esta deberá acreditarse segundo o previsto na base décimo segunda
- Presentar un proxecto que sexa tecnicamente viable
- Ter sede ou domicilio social na provincia de Pontevedra. Tamén poderán participar as entidades que teñan delegación permanente na provincia de Pontevedra (entenderase como tal aquela que conte con persoal permanente de organización, xa sexa contratado ou voluntario e persoal local fixo para a realización de actividades) e aquelas que acrediten que realizaron actividades na provincia durante os dous últimos anos
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir as axudas ou subvencións públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei
- Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

3.2. Só se poderá conceder unha subvención por entidade no ámbito desta convocatoria.

Cuarta. Requisitos xerais, proxectos subvencionables e prioridades na concesión

4.1. Para ser obxecto de subvención os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Contar con contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material e na xestión dos recursos, e que constaten expresamente o seu compromiso de colaboración, así como a participación activa da poboación beneficiaria da subvención no deseño, execución e avaliación das actividades.

Non terán esta consideración de contrapartes ou socios locais as delegacións de entidades españolas distintas da entidade solicitante, aínda que estean legalizadas no país de execución do proxecto.

b) Ser viables económica, social e administrativamente, de modo que a continuidade do proxecto quede garantida cando finalice a axuda exterior.

c) Terán prioridade nesta convocatoria:

1.º. Os proxectos que se desenvolvan en países considerados xeograficamente estratéxicos. Considéranse áreas xeográficas prioritarias as contidas no IV Plan director de cooperación galega 2018-2021, co obxectivo de garantir unha maior concentración de recursos de cooperación galega, aproveitar as vantaxes comparativas e crear sinerxías con outros actores do sistema galego e español de cooperación ao desenvolvemento:

- África: Cabo Verde, Mozambique e Guinea-Bissau
- América do Sur: Bolivia, Ecuador, O Perú
- América Central: O Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua
- Caribe: A República Dominicana

2.º. Así mesmo, terán a consideración de países prioritarios:

- Aqueles onde a cooperación galega xerese capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e países afectados por conflitos ou crises humanitarias coma a poboación saharauí, os territorios palestinos, Haití ou outros cuxo contexto xustifique a intervención.
- Aqueles países nos que a cooperación galega, e particularmente as entidades beneficiarias, demostrase unha ampla experiencia de traballo, coma A India ou os países lusófonos.

- Os considerados países menos adiantados (PMA) ou cun índice de desenvolvemento humano (IDH) baixo recibirán a mesma valoración que os prioritarios, por seren países que precisan dunha especial atención por parte de toda a comunidade internacional.

d) Así mesmo, daráselles prioridade a aqueles proxectos de actuación no seguinte ámbito estratéxico marcado polo IV Plan director de cooperación galega 2018-2021, así como naqueles sectores prioritarios establecidos na Estratexia de Cooperación Galega fronte á COVID-19:

1.º. Impulsar a equidade de xénero e mais o empoderamento, e o exercicio dos dereitos das mulleres e da infancia, particularmente a defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos, e apoiar as entidades e organizacións feministas e de mulleres, especialmente ás mulleres defensoras de dereitos.

2.º. Afrontar a emerxencia sanitaria apoiando os sistemas e servizos de saúde e os gobernos, comunidades e organizacións da sociedade civil para rematar coa transmisión do virus da COVID-19 e prever e tratar futuras crises sanitarias e pandemias, especialmente os colectivos máis vulnerables fronte a crise, particularmente as mulleres.

3.º. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat, auga e saneamento básico) e a cohesión social e reforzar os sistemas públicos de protección social con iniciativas lideradas desde o nivel comunitario e local, especialmente entre os colectivos máis vulnerables fronte a crise, particularmente as mulleres.

4.º. Mitigar o impacto socioeconómico e salvagardar as persoas máis vulnerables e as comunidades locais garantindo os seus ingresos e os seus medios sostibles de vida, especialmente os colectivos máis vulnerables fronte a crise, particularmente as mulleres.

4.2. Os proxectos presentados polas ONGD deben vincularse coas prioridades transversais nomeadas no IV Plan director da cooperación galega, de acordo ás súas posibilidades e dimensións:

- A erradicación da pobreza multidimensional
- A equidade de xénero
- A defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático
- O enfoque baseado nos dereitos humanos
- O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade

- A equidade e a loita contra as desigualdades
- A participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil

Quinta. Gastos subvencionables

Serán gastos subvencionables os realizados durante o período de execución das intervencións, os que fosen efectivamente pagados antes de finalizar o período de xustificación e os gastos derivados dos custos indirectos e os de avaliación do proxecto que sexa necesario realizar durante o período de xustificación da subvención.

5.1. Terán a consideración de gastos directos os seguintes:

- Aqueles derivados da identificación, con perspectiva de xénero, da intervención do terreo, que deberán de ser proporcionais á dimensión do proxecto.
- Gastos de aluguer de locais para a realización de actividades no lugar onde se desenvolva o proxecto obxecto de subvención (contraparte), a excepción dos correspondentes á sede da propia organización .
- Gastos en equipos e materiais consumibles: terán esta consideración os gastos derivados do envío, do traslado e da posta en funcionamento dos equipos inventariables, taxas aduaneiras ou portuarias. No caso de proxectos produtivos, inclúese tamén a compra de animais, árbores e sementes, o seu transporte e almacenamento.
- Gastos de materiais consumibles que se consuman e usen en prazos inferiores a un ano: material de escritorio, material informático (non inventariable), material para impartir a formación (libros, material didáctico), gastos de reprografía e imprenta, aluguer de maquinaria, reparación e mantemento de maquinaria, adquisición de ferramentas e utensilios e calquera outro de natureza análoga.
- Materiais sanitarios e de prevención de contaxios fronte á COVID-19, tales como máscaras, xeles hixiénicos, biombos, separadores de espazos, test de diagnóstico e calquera outro de natureza análoga que non teña a consideración de gasto de investimento.
- Axudas de custo, gastos de desprazamento e seguros de viaxe do persoal adscrito ao proxecto (remunerado e voluntario) e do colectivo destinatario ou participante nel. Aluguer e mantemento de vehículos (incluíranse os gastos de viaxe derivados de



- expatriacións por positivos pola COVID-19 ou por outras razóns de urxencia debidamente motivadas).
- Asistencia a seminarios, xornadas ou obradoiros de formación técnica do persoal, das persoas socias, do voluntariado e da xunta directiva da entidade en Galicia organizados por terceiras persoas, sempre que estean debidamente xustificados e teñan relación directa co proxecto para o que se solicita a subvención.
 - Gastos propios das actividades para o desenvolvemento dos proxectos, o que inclúe o traslado de material vinculado ás actividades, así como os gastos de publicidade ou de calquera outro servizo de diagnóstico, sistematización, edición de vídeos ou outros necesarios para a súa realización.
 - Gastos de persoal ao servizo do proxecto, debidamente motivados, o que inclúe salarios, liquidación proporcional ao período imputado ao proxecto e seguros sociais.

Para os efectos previstos nesta convocatoria entenderase o seguinte:

- o **Persoal expatriado:** o persoal da entidade sometido á lexislación española que presta os seus servizos no país onde se executa a intervención obxecto de subvención, cuxa función e tarefas estean directamente relacionadas con aquela. Para o envío de persoas expatriadas presentárase unha memoria xustificativa da necesidade e indicáranse os criterios de aptitude e cualificación requiridos para a correcta realización da acción, a duración e a descrición das tarefas.
- o **Persoal local:** o persoal da contraparte ou socio local ou contratado ao servizo do proxecto, sometido á lexislación laboral do país onde se executa a intervención, e con funcións directamente relacionadas coa intervención. Deberá acreditarse documentalmente o salario medio para ese tipo de contrato no país ou zona onde se execute o proxecto.
- o **Persoal en sede:** o persoal da entidade en Galicia sometido á lexislación española e que preste os seus servizos en Galicia, con independencia de que por razón das súas funcións deba desprazarse, ocasional ou regularmente, aos países de execución e cuxas funcións ou tarefas estean imputadas á posta en

execución e seguimento da intervención obxecto de subvención. En todos os casos, a imputación poderá ser total ou parcial en función da dedicación.

- Servizos técnicos e profesionais requiridos para levar a cabo capacitacións, seminarios, diagnósticos, informes, publicacións, control de xestión e outras necesidades contempladas na formulación da intervención (distintos aos de identificación, elaboración de liñas de base, avaliación e auditoría).
- Gastos vinculados ao deseño e á elaboración por profesionais externos dos plans vinculados aos proxectos.
- Gastos derivados do traballo de persoal voluntario, e gastos das pólizas de seguros de accidentes, enfermidade e responsabilidade civil subscritos a favor do voluntariado da organización, que non perciba contraprestación económica e que participe directamente no proxecto subvencionable, e calquera outro gasto de natureza análoga no que se puidese incurrir e que estea directamente relacionado coa intervención.
- Os gastos de funcionamento no terreo: gastos correntes de funcionamento no país de execución e ligados á realización do proxecto. Inclúense os gastos de aluguer de oficinas, electricidade, auga, comunicacións, papelería ou outros gastos de oficina, limpeza, mantemento e seguridade (incluídos os gastos de persoal vinculados a estas actividades).
- Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira e os gastos rexistrados e periciais para realizar o proxecto son subvencionables cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución desta, sempre que non deriven de malas prácticas ou incumprimentos legais. Tamén serán subvencionables os gastos bancarios producidos pola conta do proxecto e os gastos derivados das transferencias bancarias dos fondos ao país de execución do proxecto; os derivados da compulsión de documentos por parte de notaría, autoridades locais ou servizos consulares españois e os gastos de tradución de documentos cando se requira na convocatoria.

5.2. Gastos indirectos: terán esta consideración aqueles gastos da entidade solicitante relacionados co proxecto e asociados á administración, xestión ou supervisión, sen que estes poidan exceder do 10 % do orzamento total do proxecto.

Tamén será obxecto de subvención calquera outro gasto directo ou indirecto non especificado nos apartados anteriores que garde relación directa coa actividade obxecto da subvención e que a entidade beneficiaria xustifique.

5.3. A percepción desta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a suma das cantidades percibidas non supoña un sobrefinanciamento.

5.4. En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables:

- As actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación de Pontevedra
- As viaxes de lecer, as excursións e os gastos gastronómicos
- Os gastos en atencións protocolarias (comidas, festas, recepcións, agasallos, flores etc.)
- As adquisicións de bens ou gastos que teñan a consideración de investimento
- Os billetes de avión en primeira clase ou en clase preferente
- As actividades lúdicas, culturais ou deportivas
- Os saldos debedores das contas bancarias
- As recargas e as sancións administrativas e penais
- Os gastos de procedementos xudiciais
- As amortizacións de bens inventariables
- As liquidacións por despedimento do persoal

Sexta. Financiamento

6.1. A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 21/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2021, ascende a **corenta e cinco mil (45.000,00) euros**, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder do 95 % do seu orzamento, cun límite máximo de subvención por proxecto de quince mil (15.000,00) euros.

6.2. A ONGD beneficiaria achegará como mínimo o 5 % do custo total do proxecto.

A achega da entidade beneficiaria poderá provir tanto de fondos propios coma do parceiro local ou da poboación beneficiaria, entidades privadas ou doutras administracións públicas.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, polo que a subvención se concederá sobre o orzamento da actividade, excluído o IVE, salvo que a ou o beneficiario xustifique que aboa os tributos efectivamente.

6.3. Terán a consideración de gastos subvencionables os realizados no ano natural correspondente a esta convocatoria e o prazo máximo de realización será ata o 30 de setembro de 2022.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos e importes establecidos no orzamento inicial, e aceptaranse desviacións máximas dun 20 % no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial detallado.

As contías de cada subvención aprobaráas a Xunta de Goberno logo da proposta previa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, de acordo cos criterios establecidos nestas bases.

Sétima. Prazo de realización

O proxecto deberá iniciarse dentro do ano natural correspondente á convocatoria e o prazo máximo para o seu desenvolvemento será ata o 30 de setembro de 2022. Excepcionalmente, poderá solicitarse e outorgarse unha ampliación do prazo de execución antes de que este expire, como máximo ata o 31 de decembro de 2022, fundamentada en situacións ou fenómenos excepcionais e imprevisibles coma desastres naturais, enfrontamentos armados, crises humanitarias, actuacións retardatarias das autoridades locais ou outras continxencias análogas que afecten de maneira directa a execución da actividade subvencionada, sempre que non concorran circunstancias imputables á entidade beneficiaria. Nese caso deberase acreditar de forma fidedigna.

O novo prazo outorgarase polo tempo indispensable para facilitar que a entidade beneficiaria supere as mencionadas circunstancias ou continxencias. No caso de que a situación excepcional impida continuar coa execución da actividade financiada ou subvencionada poderase solicitar unha modificación da finalidade para a que se outorgou a subvención.

Oitava. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, en particular as entidades beneficiarias estarán obrigadas a:

- a) Levar a cabo a actuación subvencionable nos prazos que indiquen na súa solicitude, ademais de presentar en forma e prazo a xustificación
- b) Realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido

A este respecto, as medidas de difusión consistirán, como mínimo, en incluír a imaxe institucional da Deputación de Pontevedra en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais ou en calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade da difusión. As medidas de difusión levaranse a cabo nos termos establecidos nesta convocatoria.

Esta obriga poderá acreditarse mediante unha declaración responsable da entidade beneficiaria acompañada de fotografías, carteis ou calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade da difusión. Poderase consultar o manual de imaxe corporativa en <https://www.depo.gal/identidade-corporativa>.

Só estarán excluídas desta obriga as subvencións nas que, pola súa natureza, a publicidade poida ser contraria ao respecto e á salvagarda da honra, da intimidade persoal e familiar das persoas físicas ou calquera outra na que, pola súa imposibilidade material, estea xustificada a súa exención na convocatoria.

- c) As entidades beneficiarias deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

Só poderán usar o pagamento en metálico excepcionalmente cando non sexa posible outra forma alternativa e así quede acreditado e xustificado no expediente. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de acordo co previsto no artigo 38.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), sempre que este gasto supere o importe de novecentos (900,00) euros.

Os criterios establecidos para os xustificantes de gastos e de pagos deberán respectar as normas e especificidades dos países nos que se desenvolva o proxecto. Cando existan xustificantes redactados nun idioma estranxeiro distinto do inglés, francés, italiano ou portugués deberán ser debidamente traducidos, e indicarse a data, o importe, o concepto de gasto, a persoa perceptora e a provedora.

d) Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da actuación subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente anterioridade, poida modificarse o contido e a contía, a súa forma e os prazos de execución e a xustificación dos correspondentes gastos. Con respecto ás posibles modificacións sobre o proxecto inicial obxecto de subvención, precisarse autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte a aspectos cualitativos dos seus obxectivos, aos resultados ou á poboación destinataria, ou ao lugar ou prazo de execución ou xustificación do proxecto, así como á modificación ou incorporación dos socios locais. As solicitudes de modificacións substanciais do proxecto deberán estar suficientemente motivadas.

e) Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada; nese caso o importe da subvención deberá modificarse.

f) Someterse ao control financeiro da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO), aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016, e publicada no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 249, de 30 de decembro de 2016.

g) Estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa institución provincial.

h) A actividade desenvolvida pola entidade debe cumprir as obrigas establecidas na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; o Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións

legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e a demais lexislación vixente en materia de igualdade, ademais de co exercicio dos dereitos fundamentais das persoas.

Novena. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Décima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no BOPPO.

Décimo primeira. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- NIF da entidade solicitante
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante
- Domicilio fiscal da entidade
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa institución provincial
- Inscrición no Rexistro galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia

No suposto de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, antes de formular a proposta de resolución.

Décimo segunda. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Proxecto descritivo da actividade para a que se solicita a subvención segundo o establecido no documento anexo a estas bases, e memoria económica das actuacións para as que solicita a subvención, que se formulará de acordo co disposto nestas bases.
- Copia dos estatutos da entidade onde conste explicitamente a inexistencia de ánimo de lucro.
- Certificación acreditativa de que dispón de domicilio social ou delegación permanente na provincia de Pontevedra, e compromiso de mantela aberta durante polos menos un (1) ano logo de finalizar o proxecto. Para estes efectos entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente de organización, sexa contratado ou voluntario, e persoal local fixo para a realización de actividades ou que acredite a realización de actividades na provincia de Pontevedra.
- Carta de compromiso de participación no proxecto por parte dos parceiros locais, asinada pola persoa que desempeñe a representación legal da entidade, que inclúa:
 - Declaración da persoa que ostente a representación legal da entidade, na que se especifique a personalidade xurídica da entidade socia ou contraparte local e o seu domicilio social ou copia dos estatutos da entidade local socia.
- No caso de que a contraparte ou socio local sexa unha Administración, universidade ou outra entidade pública, deberá presentar:
 - Carta de compromiso de participación no proxecto

- Cando se contraten servizos profesionais con terceiras persoas e non se trate de contratación laboral de persoal directo para realizar a actividade deberase presentar o orzamento desta contratación. Se esta supera os tres mil (3.000,00) euros haberá que presentar, sempre que sexa posible, tres orzamentos distintos co obxecto de comprobar que se axustan aos prezos de mercado e, se non o é, xustificar que o prezo se axusta aos valores de mercado.

- Acreditación da experiencia mínima de dous anos realizando proxectos coa consecuente capacidade operativa para poder levarlos a cabo e as memorias das actividades realizadas. Así mesmo, no formulario anexo a estas bases indicárase, se procede, para efectos da súa valoración (base décimo sexta), o seguinte:
 - Proxectos desenvolvidos no mesmo sector de actuación (últimos 5 anos)

 - Proxectos desenvolvidos no mesmo país de execución (últimos 5 anos)

 - Proxectos desenvolvidos en parceria entre a entidade solicitante e o socio local

 - Capacidade de xestión da entidade solicitante:
 - Número de persoas empregadas da ONGD

 - Número de persoas empregadas en Galicia, experiencia e perfil profesional

- Calquera outra documentación acreditativa das circunstancias que se poidan ter en conta na fase de valoración.

Toda a documentación complementaria presentárase por vía electrónica. Non serán válidos para estes efectos os correos electrónicos nin os faxes. Así mesmo, as chamadas telefónicas coas entidades rexistráranse no expediente e só serán un medio de comunicación con estas para efectos informativos ou aclaratorios, sen que teñan valor xurídico.



As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente. Para estes efectos, a entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material para obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, antes de formular a proposta de resolución.

Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban efectuar durante a tramitación deste procedemento realizaranse electronicamente a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 da citada lei, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, nos termos previstos na LPACAP.

Décimo cuarta. Notificacións

As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse realizadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e consideraranse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo quinta. Publicidade de actos

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

A relación de entidades admitidas e excluídas publicarase na Sede electrónica, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP. Así mesmo, publicarase na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, segundo o previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo sexta. Valoración e criterios de concesión

A valoración e o baremo das solicitudes presentadas e admitidas a trámite realizaranse en réxime de concorrencia competitiva.

Cada actuación poderá valorarse con ata un máximo de 100 puntos, segundo os seguintes criterios:

A. CRITERIOS RELACIONADOS COA ENTIDADE (máximo de 25 puntos):

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Capacidade de execución do proxecto por parte da entidade e da súa contraparte	
Experiencia no eido da cooperación: 1 punto por cada proxecto ata un máximo de 5 puntos	Máximo 10 puntos
Capacidade de xestión: 1-2 empregadas/os con experiencia acreditada: 2 puntos; 3-4 empregadas/os con experiencia acreditada: 3 puntos; máis de 4 empregadas/os con experiencia acreditada: 5 puntos	
Experiencia na zona ou país dos considerados nas bases xeograficamente prioritarios (2 puntos); e nos sectores específicos contemplados (2 puntos); experiencia de traballo conxunto entre a ONGD e a contraparte, e a implicación desta última na comunidade beneficiaria (2 puntos)	Máximo 6 puntos
Experiencia de traballo en rede e pertenza a plataformas da ONGD solicitante (2 puntos) e da contraparte do país beneficiario (2 puntos)	Máximo 4 puntos
Presenza da entidade na provincia de Pontevedra, coa localización dunha sede (3 puntos), ou delegación permanente ou realización de actividades na provincia (2 puntos)	Máximo 3 puntos
Achega financeira da ONGD: <ul style="list-style-type: none"> - De entre o 6 % e o 20 % (1 punto) - Superior ao 20 % do total do proxecto (2 puntos) 	Máximo 2 puntos

B. CALIDADE DA PROPOSTA (máximo de 75 puntos):

CRITERIO	PUNTUACIÓN
<p>Adaptación a prioridades xeográficas establecidas no IV Plan director da cooperación galega:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aqueles sinalados como prioritarios segundo o IV Plan director da cooperación galega (7 puntos) - PMA ou países con IDH baixo (7 puntos) - Países onde a cooperación galega xerou capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e países afectados por conflitos ou crises humanitarias, coma a poboación saharauí, os territorios palestinos e Haití (5,5 puntos) - Aqueles países nos que a cooperación galega, e particularmente as entidades beneficiarias, demostrasen ampla experiencia de traballo, coma a India ou os países lusófonos (5,5 puntos) 	<p>Máximo 7 puntos</p>
<p>Sectores prioritarios establecidos na estratexia galega fronte á COVID-19:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Impulsar a equidade de xénero e mais o empoderamento, e o exercicio dos dereitos das mulleres e da infancia, particularmente a defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos, e apoiar as entidades e organizacións feministas e de mulleres, especialmente as mulleres defensoras de dereitos (2,5 puntos) - Afrontar a emerxencia sanitaria apoiando os sistemas e servizos de saúde e os gobernos, comunidades e organizacións da sociedade civil para rematar coa transmisión do virus da COVID-19 e prever e tratar futuras crises sanitarias e pandemias, especialmente os colectivos máis vulnerables fronte á crise, particularmente as mulleres (1,5 puntos) - Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat, auga e saneamento básico) e a cohesión social 	<p>Máximo 7 puntos</p>

<p>e reforzar os sistemas públicos de protección social con iniciativas lideradas desde o nivel comunitario e local, especialmente os colectivos máis vulnerables fronte á crise, particularmente as mulleres (1,5 puntos)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mitigar o impacto socioeconómico e salvagardar as persoas máis vulnerables e as comunidades locais, garantindo os seus ingresos e os seus medios sustentables de vida, especialmente os colectivos máis vulnerables fronte á crise, particularmente as mulleres (1,5 puntos) 	
<p>Que realice unha descrición precisa das persoas (titulares de dereitos) destinatarias ou beneficiarias: Criterios de identificación e selección, grao de participación nas distintas fases do proxecto. Valorarase a existencia de antecedentes de colaboración en proxectos entre a organización executora e a poboación beneficiaria</p>	Máximo 6 puntos
<p>Detalle orzamentario e garantías de viabilidade económica (coherencia das partidas orzamentarias co proxecto)</p>	Máximo 5 puntos
<p>Viabilidade do proxecto a nivel social, sanitario, económico, ambiental, cultural e tecnolóxico, e sustentabilidade do proxecto unha vez executada a acción subvencionada</p>	Máximo 6 puntos
<p>Oportunidade ou pertinencia do proxecto, antecedentes e xustificación no seu contexto social, económico e cultural, e sanitario, antecedentes e xustificación deste atendendo especificamente á situación de mulleres e homes, á zona, ao país e ao sector onde se vai desenvolver</p>	Máximo 6 puntos
<p>Impacto na vida das mulleres, tendo en conta as dimensións do proxecto</p>	Máximo 8 puntos

Medidas na defensa da sustentabilidade ambiental e na loita contra o cambio climático, de acordo co tamaño do proxecto	Máximo 4 puntos
Claridade e coherencia dos obxectivos e da metodoloxía e das actividades propostas para responder ás problemáticas detectadas	Máximo 8 puntos
Recursos humanos e técnicos suficientes e adecuados para acadar os obxectivos do proxecto	Máximo 5 puntos
A relación do custo coa avaliación dos resultados e o número de persoas beneficiarias	Máximo 5 puntos
Especificación de indicadores que midan os resultados e a efectividade do sistema de verificación deste e mecanismos de seguimento e avaliación	Máximo 5 puntos
Difusión do proxecto en Galicia	Máximo 5 puntos

Décimo sétima. Procedemento de concesión

17.1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 21 da LSG.

As actividades de instrución comprenderán:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou aclarar o contido de cada solicitude e aqueles esixidos polas normas que regulan a concesión da subvención.

Na petición especificarase o carácter determinante daqueles informes e documentos preceptivos. O prazo para a súa emisión será de dez (10) días hábiles.

b) Avaliación das solicitudes ou peticións efectuadas segundo os criterios de valoración da convocatoria.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas, así coma o informe de fiscalización de intervención de todos os expedientes.

17.2. A citada proposta elevarase á Comisión de avaliación para que emita o correspondente informe, antes de la aprobación definitiva da concesión das subvencións por parte do órgano competente:

A Comisión de avaliación estará integrada por:

- Presidenta: a xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude
- Vogal: a xefa do Servizo de Fiscalización e Asesoramento
- Secretaria: a xefa de Sección de Cohesión Social

A resolución do procedemento correspóndelle á Xunta de Goberno e notificaráselle ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.

A proposta de resolución non crea dereito ningún a favor da persoa beneficiaria fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

17.3. O procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia competitiva.

Unha vez superada a fase de avaliación, establecerase unha relación das puntuacións obtidas en orde descendente para cada un dos proxectos presentados.

Serán financiados coa totalidade (100 %) da cantidade solicitada por orde de puntuación todos os proxectos ata esgotar o orzamento da convocatoria, cun límite máximo de subvención por proxecto de 15.000,00 €

No caso de empate na puntuación total obtida, este resolverase aplicando por orde os seguintes criterios:

- A maior puntuación obtida na valoración do proxecto

- A maior puntuación obtida na valoración da entidade solicitante
- A maior puntuación obtida na valoración da contraparte ou socio local

17.4. Quedarán excluídos aqueles proxectos que non acaden unha puntuación mínima de 50 puntos.

17.5. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses. O prazo computarase a partir do día seguinte á data na que remate o prazo para a presentación de solicitudes.

Transcorrido este prazo sen que se lles notifique a resolución ás persoas interesadas, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo.

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse soamente por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o sistema de notificación electrónica da Deputación de Pontevedra, dispoñible na Sede electrónica, <https://sede.depo.gal>. O sistema remitiralles ás persoas interesadas a posta a disposición das notificacións no enderezo de correo que figure na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falla non impedirá que a notificación sexa considerada válida e produza os seus efectos.

A resolución ponlle fin á vía administrativa. Contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto nos artigos 112 e 124 da LPACAP, ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, como se establece no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que se estime conveniente.

Décimo oitava. Aceptación das subvencións

As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se as entidades beneficiarias non se opoñen ou as rexeitan expresamente no prazo de dez (10) días hábiles contados desde a súa notificación.

Décimo novena. Modificación da resolución

Como se establece no artigo 64 do R. d. 887/200, de 21 de xullo, unha vez notificada a resolución da concesión a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do seu contido se concorren as circunstancias previstas para tales efectos nas bases reguladoras, tal e como se establece no artigo 17.3 l) da LXS, que se poderá autorizar sempre que non prexudique os dereitos de terceiras persoas.

Para estes efectos, a alteración das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución en ningún caso poderán afectar o destino ou a finalidade para a actuación subvencionada e os criterios que se tiveron en conta para a súa concesión nin danar os dereitos de terceiras persoas.

A solicitude de modificación deberá presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motivaron e antes de que finalice o prazo de execución inicialmente concedido. O acto polo que se acorde modificar a resolución de concesión da subvención será adoptado polo órgano que a concedeu, previo informe do Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

Vixésima. Compatibilidade das subvencións

A subvención concedida pola Deputación de Pontevedra será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes doutras administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada. Para o efecto, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra.

A subvención concedida é incompatible con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

De ser o caso, a entidade beneficiaria deberá comunicar a concesión doutra subvención do organismo provincial.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa contempladas no orzamento de esta institución para o exercicio 2021.

Vixésimo primeira. Subcontratación

Considérase que a entidade beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiras persoas a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Non se entenderá subcontratación a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para realizar a actividade subvencionada.

O beneficiario poderá subcontratar parcialmente a actividade subvencionada sempre que a subcontratación non exceda o 50 % da actividade subvencionada.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que aumenten o seu custo e non lle acheguen valor engadido ao seu contido. As e os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, quen asumirá a responsabilidade total da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

En ningún caso a entidade beneficiaria poderá concertar a execución total ou parcial das actividades subvencionadas coas persoas ou entidades previstas no artigo 29.7 da LXS:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da LXS
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para realizar a actividade obxecto de contratación
- c) Persoas intermediarias ou asesoras nas que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, excepto que este pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados
- d) Persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- 1.^a Que se obteña a autorización previa expresa do órgano concedente

2.^a Que o importe subvencionable non exceda o custo no que incorra a entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da entidade beneficiaria

- e) Persoas ou entidades solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e proxecto que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a puntuación suficiente

Segundo o disposto no artigo 31 da LXS, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores, e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/ UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o realicen, o presten ou o subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

Cando se contraten servizos profesionais con terceiras persoas, e non se trate de contratación laboral de persoal directo para realizar a actividade, deberase presentar o orzamento desta contratación. Se esta supera os tres mil (3.000,00) euros haberá que presentar, sempre que sexa posible, tres orzamentos distintos co obxecto de comprobar que se axustan aos prezos de mercado e, se non o é, xustificar que o prezo se axusta aos valores de mercado.

Vixésimo segunda. Xustificación

Unha vez finalizada a actividade obxecto da subvención e ata o 15 de novembro de 2022, as entidades beneficiarias deberán presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, a través do modelo “instancia xenérica”, a seguinte documentación:

Informe final de execución, onde se identifiquen os obxectivos, as actividades realizadas e os resultados acadados, debidamente asinado pola persoa representante legal da ONGD, xustificativo e detallado da realización do total do proxecto ou actividade.

Deberá acompañarse e acreditarse con actas ou publicacións, reportaxes gráficas ou similares de difusión xeral (folletos, carteis, libros ou CD-ROM, entre outros) que se editasen ou publicasen en relación coa actividade subvencionada, ademais das correspondentes fontes de verificación.

- Acreditación de que se lle deu difusión ao financiamento obtido. Se figuran logotipos doutras entidades no material gráfico utilizado deberase aclarar o motivo da súa inclusión (achegar documento gráfico).
- Xustificación dos gastos: conta xustificativa dos gastos tanto directos coma indirectos, se estes foron declarados no orzamento inicial, segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica, na que se determinará o custo ou gasto total da actividade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo identificando o proveedor, o NIF, o número de factura, o concepto, o concepto equivalente no orzamento presentado coa solicitude e o importe.

Nesta conta xustificativa constará unha declaración responsable de que os gastos que figuran nela se aplicaron á finalidade subvencionada e de que o resto de xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade, a disposición da Deputación para examinalos.

Así mesmo, debe quedar acreditado documentalmente que o pago foi efectivamente realizado e que as cantidades abonadas se corresponden coas facturas presentadas ou cos documentos análogos.

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial. Establécese unha porcentaxe de desviación máxima do 20 % por cada un dos conceptos dos **custos directos** con respecto ao orzamento inicial presentado.

Os custos indirectos nunca poderán superar o 10 % dos custos directos xustificados.

Para a xustificación dos gastos, tanto directos como indirectos, deberán presentarse os correspondentes xustificantes de gasto, de conformidade co seguinte:

- Xustificación con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida, e indicarse para cada factura ou documento análogo o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade.
- Poderán usarse, como xustificantes de gasto, os recibos de caixa nos que conste o nome da entidade beneficiaria, o importe, o nome e o apelido da persoa que presta o servizo, o concepto do gasto e o nome do proxecto subvencionado. Este recibo deberá asinalo a persoa que presta o servizo (vendedora, transportista ou outra), sempre que na documentación xustificativa se inclúa unha acreditación de que as persoas perceptoras de tales pagamentos non están suxeitas á obriga de emitir factura no país no que se efectuou o gasto. A mencionada acreditación deberá emitila un organismo público competente.
- Xustificación dos ingresos: conta xustificativa de ingresos, segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica, na que se determinará o financiamento obtido para a finalidade subvencionada indicando as entidades, os organismos, as e os particulares etc. e o financiamento propio, e declaración responsable de que os ingresos ou recursos alleos obtidos non superan o custo ou os gastos da actuación subvencionada.

O incumprimento das obrigas de xustificación implicará a perda da subvención.

O órgano competente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda da metade do prazo inicial e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas (artigo 7o do RLXS).

Para o cobro da axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa institución provincial.

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice este servizo, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderáselles esixir responsabilidade administrativa.

Vixésimo terceira. Pagamento

De conformidade co establecido na disposición adicional segunda da LSG, e en atención á coherencia co obxecto e finalidade das subvencións, realizaranse pagamentos anticipados do 75 %, sen necesidade de esixir garantía. Para o pagamento do anticipo da subvención, as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

- Solicitud do pagamento do anticipo da subvención concedida, asinada pola persoa representante legal da entidade.
- Declaración responsable da persoa representante legal da entidade (no caso de agrupación de entidades, de cada unha de elas), complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o obxecto subvencionado segundo o modelo anexo.
- Certificado dos datos bancarios da entidade beneficiaria. Na conta asignada ao proxecto terá o seu destino todos os pagamentos que se realicen con cargo a esta subvención.
- Declaración de non incorrer nos supostos previstos nos apartados 3 e 4 do artigo 34 da LXS.

Vixésimo cuarta. Incumprimentos, reintegros e réxime sancionador

Unha vez vencido o prazo de xustificación sen que a entidade beneficiaria da subvención presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Cohesión Social e Xuventude requiriralle á entidade beneficiaria que a presente no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento por parte das entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e nas demais normas aplicables e das condicións que no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión dará lugar, total ou parcialmente, previo o oportuno expediente de incumprimento, á súa cancelación e á obriga de reintegrar a achega económica, segundo o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da OXSDEPPO. O reintegro levará engadida a esixencia dos xuros de demora correspondentes desde o momento do aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro. De acordo co artigo 34 da LSG, o xuro de demora aplicable será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 %, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

No referente ás infraccións e sancións administrativas aplicarase o previsto no artigo 52 e nos seguintes da LXS e no artigo 32 da OXSDEPPO.

Vixésimo quinta. Réxime xurídico

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS; na LSG; na OXSDEPPO, aprobada polo Pleno da institución provincial na súa sesión ordinaria, de 28 de outubro de 2016, e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016; nas bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra; e na demais normativa pertinente.

Así mesmo, rexeranse pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Vixésimo sexta. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, como se establece no artigo 46 da

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Vixésimo sétima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.